

PASE ÚNICO EN NUMAX: 18.12.2016 | V.O.

Maestà, la Passion du Christ (2015, 60')

Dirección: Andy Guérif

Guión: Andy Guérif

Reparto: Jérôme Auger, Mathieu Bineau, Jean-Gabriel Gohaux, Paul Beneteau, Guillaume Boissinot, Pierre Josse, François Guindon, Gregory Markovic, Emmanuel Rodríguez

Montaxe: Cécile Pradere

Vestuario: Maryvonne Guerif, Audrey Gohaux, Violaine Paul-Azard

Son: Gwenaél Labarta

Fotografía: Marine Combes, Albert De Boer, Vincent Fribault

Produtora: Capricci Films (Francia)

Distribuidora: Capricci Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.77:1

FILMOGRAFÍA

Cène, 2007 [curtametraxe]

Why Are You Running?, 2002 [curtametraxe]

Portraits d'étudiant, 2001 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVALS

FID Marseille 2015, Underdox Munich 2015, Gent Film Festival 2015, Sheffield Doc Fest 2016, FICUNAM 2016.

SINOPSE

Reinterpretación cinematográfica a xeito de *tableau vivant* de *La Maestà*, obra do pintor italiano Duccio di Buoninsegna. Os protagonistas desta pintura cobran movemento para narrar parte da historia de Cristo desde a entrada de Xerusalén até o camino de Emaús. O filme segue a estrutura da creación do artista con 26 paneis, transformados en escenas, que mostran cada capítulo da súa vida.

«Maxestoso plano fixo dunha hora dividido en vinteseis espazos que van cobrando vida, oscilando entre o *tableau vivant* e a instalación»

Jérémie Couston. TÉLÉRAMA

VINDECINE. O TEMPO DE MARTÍN CÓDAX A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

En colaboración coa Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia



«Sempre me gustou pór as imaxes a proba»

Entrevista con Andy Guérif

Por Pierre Vaccaro

Pódesnos falar das orixes deste proxecto tolo? Es un apaixonado das Belas Artes e escribiches varias obras sobre este tema. Hai tamén no comezo un reto entre amigos, teño entendido... As orixes son lonxanas.

Lembro que cando era estudante, de regreso á universidade dunhas vacacións de verán, eramos moitos os que volvíamos con barba. De socato tiveron a idea de facer unha pequena realización cos meus amigos representando a *Última cea* de Leonardo da Vinci. Un plano frontal dun minuto no que nos sentamos á mesa e logo conxelamos a acción. A idea orixinal veu das nosas barbas! Cando comecei os meus estudos de Belas Artes tiña moi escaso coñecemento da pintura. As aulas estaban moi centradas no século XX. No último ano fixemos unha viaxe a Italia, fomos a Florencia e descubrí *La Maestà* de Duccio di Buoninsegna. Esta obra deixoume impresionado para sempre. Lembro moi ben que, ao non ter eu unha gran cultura relixiosa, lía algúns paneis mais non a obra no seu conxunto.

O que me interesa é falar da imaxe de maneira pedagóxica. Gústame amosar ao gran público imaxes que considero importantes, mais sen a necesidade de engadir un discurso por baixo

explicando o por que. O feito de amar ou non unha obra non ten sempre unha orde relacional. Nos meus libros teño a intención de facer descubrir a arte como tal, de maneira intuitiva. Iso non significa que logo non poidamos pór estes sentimentos en palabras, darlles sentido ou interpretalos.

Logo dirixín un filme que recuperaba unha secuencia de *Vertigo*, de Alfred Hitchcock, gravada en plano secuencia e cámara fixa, onde os actores e o decorado desprazábanse ao longo do plano. Os personaxes corrían para saír de campo, achegábanse á cámara para obter un plano curto, ou ben púñanse a catro patas e logo saltaban para volverse situar en plano. Quería así mostrar que todos os desprazamentos de cámara efectuados polo cinema son absurdos se os pensamos e probamos fisicamente. Sempre me gustou pór as imaxes a proba.

Logo da miña viaxe a Italia quixen fabricar o espazo da pintura orixinal tal e como se vía no século XIV, sen a chegada das teorías sobre a perspectiva. Realicei unha *Última cea* cun plano secuencia de 30 minutos no que vemos os personaxes colocando o decorado, vestíndose e parándose a descansar.

Máis tarde, cun amigo, tivemos a idea de facer algo en pantalla dividida. Gustábame a idea de ver varias pantallas dentro da mesma imaxe ao xeito do grupo Oulipo de Georges Perec, que aparece no libro *La vida instrucciones de uso*. Hai algo fascinante nesta idea de quitar a fachada dun edificio e ver todo o que acontece nel ao mesmo tempo. Esta idea dunha

imaxe composta á súa vez doutras imaxes lembroume a obra de Duccio sobre a que xa tiña traballado.

O filme desenvolve tamén un fermoso traballo coa cor e o uso dos tons vermellos que é a cor da vestimenta de Cristo ante os seus verdugos ou a da Paixón. Duccio é un dos meirandes coloristas que coñezo, incluso máis ca Giotto. A composición cromática da súa obra é dunha precisión incrível. Tentei respectar as cores e os tecidos para gardar a mesma homoxeneidade cromática ca o orixinal.

Que nos podes dicir do traballo de son e da escollo de non engadir música e si unha caste de bruído ás veces comprensíbel ás veces non? Ao ver que había centos de personaxes afastados uns dos outros, e que as figuras son pequenas, tomamos a decisión de non distinguir claramente as palabras. Isto tamén garda o espírito do cadro. Non nos atopamos diante dunha ficción de cinema no sentido clásico do termo, senón dunha pintura. Cada personaxe é pequeno, por causa do seu grande número, e non hai verdadeira proximidade entre eles polo que non hai razón para que os escoitemos falar. Ao montar o filme, decatámonos de que faltaba algún son audíbel de cando en vez, co que reaxustamos os diálogos, un pouco á maneira dos filmes de Jacques Tati.

Publicado en <http://www.narthex.fr/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Duccio. *La Maestà*. Luciano Bellosi
Gallimard, 1999

La vida instrucciones de uso
Georges Perec. Anagrama, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**